

**ANUNCIO TRIBUNAL CUALIFICADOR DAS PROBAS SELECTIVAS**

Praza: Policía Local
Núm. prazas: 1
Plan/Programa/Convenio/Orde: OPE de 2018
Fase: oposición, quenda libre
Expediente núm.: 2022/E001/000008

Asunto: a resolución da alegación e a puntuación definitiva do primeiro exercicio

O tribunal cualificador, en xuntanza do 12/08/2022, acordou resolver a alegación formulada no tempo e na forma e a puntuación definitiva do **primeiro exercicio, proba da avaliación dos coñecementos**, da fase de oposición para cubrir unha praza vacante de funcionario de Policía Local, de conformidade coa Base novena das que rexe a convocatoria na selección e a provisión dunha praza de Policía Local, aprobadas no decreto da alcaldesa núm. 146/2019 do 15/02/2019 (BOP núm. 36 do 20/02/2019).

1 A resolución da alegación formulada

Asunto: solicitude de revisión de preguntas do primeiro exercicio, *proba de avaliación dos coñecementos*, (tipo test), do proceso selectivo praza de Policía Local do Concello de Santa Comba (OPE 2018)

1.- Que, o 20/07/2022 realizouse o primeiro exercicio, *proba de avaliación dos coñecementos*, tipo test, correspondente á oferta dunha praza de Policía Local (OPE 2018).

2.- Que, o 28/07/2021 foi publicado no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello de Santa Comba a cualificación do primeiro exercicio referente á proba de avaliación dos coñecementos para os efectos de dar trámite de audiencia aos interesados. No anuncio se establece un prazo de tres (3) días hábiles para presentar alegacións.

3.- Que, durante o prazo mencionado se formulou esta alegación para revisar estas preguntas do primeiro exercicio, *proba de avaliación dos coñecementos*, (tipo test), do proceso selectivo praza de Policía Local do Concello de Santa Comba (OPE 2018)

Persoa aspirante	DNI/NIF	Registro de Entrada	Data Registro
Rivas Parada, Javier	***4048**	2022202290000001563	01/08/2022
Alegacións	Revisión das preguntas 21, 35, 41, 47, 62, 63 e 70 do cuestionario tipo test, coas correspondentes anulacións ou trocos de respostas.		

A persoa aspirante na súa alegación, cita en varias ocasións, o *temario proposto polo tribunal*. Cómpre destacar que o Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local, (BOE núm. 142 do 14/06/1991), sinala no seu artigo 8 que os programas dos exercicios teóricos de selección serán aprobados por cada Corporación e conterán materias comúns e materias específicas na proporción que determine a convocatoria.

O temario foi aprobado no decreto da alcaldía núm. 146/2019 do 15/02/2019.

O tribunal foi designado no decreto da alcaldía núm. 718/2022 do 08/06/2022

De acordo con todo o indicado, o temario non foi proposto por este tribunal cualificador.

O resumo, en síntese, da alegación formulada:

Pregunta núm. 21	Anular a pregunta. Entende que hai dúas respostas correctas: b (cualificación) e c (clasificación)
Fundamenta	Lei Orgánica 4/2013, do 28 de xuño, de reforma do Consello Xeral do Poder Xudicial, pola que se modifica a Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial. En concreto no punto V do preámbulo e na disposición transitoria VI da citada Lei Orgánica se suprime expresamente esta comisión.
Pregunta núm. 35	Se troque a resposta correcta: da d para a c
Fundamenta	Os artigos 20, 22, 47, 49 e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (BOE núm. 80 do 03/04/1985).
Pregunta núm. 41	Anular a pregunta. A información dada no enunciado da mesma non é correcto.
Fundamenta	O BOP 242 non se corresponde coa data 22/10/201. Nin o BOP da citada data nin o BOP número 242 recollen a modificación do regulamento en cuestión.



Pregunta núm. 47	Anular a pregunta. Non forma parte do temario proposto polo tribunal nas Bases da convocatoria, xa que este delito regúlase no artigo 544 do Código Penal.
Fundamenta	O tema 24 do temario proposto polo Tribunal regula os delitos contra a administración pública (título XIX), atentados contra a autoridade e os seus axentes e desordes públicos (capítulos II e III do título XXII). A sedición regúlase no capítulo I deste último título.
Pregunta núm. 62	Anular a pregunta. O tribunal solicita a acreditación para comprobar a idade dunha persoa procesada, cuxa regulación vén dada polo artigo 375 da Lei de axuizamento criminal, capítulo III, título V.
Fundamenta	Os temas 27 e 28 do temario proposto polo tribunal refírense ao atestado policial na Lei de axuizamento criminal (título II, artigos 282 e 298) e a detención, conceptos e clases, dereitos dos detidos, asistencia letrada e obrigas de funcionarios que realiza a detención (regulados na citada lei nos artigos II e IV do título VII). Ningún dos puntos do temario na súa parte da Lei de axuizamento criminal se refire ao contido do título V
Pregunta núm. 63	Se troque a resposta correcta: da b para a a A pregunta debe ser anulada
Fundamenta	O artigo 14 do Código Penal
Pregunta núm. 70	Anular a pregunta
Fundamenta	A usurpación regúlase nos artigos 506 ao 509, sección segunda do capítulo 3, título 21 do Código Penal e no capítulo 2 como pon na información do enunciado da pregunta. Ademais disto, estes artigos non forman parte do temario da oposición.

Logo de ver que o Tribunal reuniuse ese mesmo día para confeccionar o cuestionario/exame do primeiro exercicio o que non permitiu contar co tempo suficiente para repasar o seu contido.

E de ver, examinar, verificar e comprobar o expediente así como a alegación formulada.

Alegación formuladas ás preguntas núm.: 21, 35, 41, 47, 62, 63 e 70.

Logo de revisar a alegación formulada ás preguntas mencionadas, resulta que:

Pregunta núm. 21

21. No Consello Xeral do Poder Xudicial non existe a comisión:

- a) Permanente.
- b) De Cualificación.
- c) De Clasificación.
- d) Disciplinaria

Na folia de respostas consta como correcta: **c**.

As Bases non especifican o número de respostas correctas a admitir en cada pregunta.

De acordo con todo o indicado, o Tribunal Cualificador, por unanimidade, ACORDA:

1 Estimar a alegación formulada a esta pregunta:

Motivo: Considérase que a pregunta contén varias respostas correctas, (b e c), que poden xerar confusión ou inducir a un erro ao persoal aspirante. Por seguridade xurídica cómpre anulala.

Normativa aplicable:

- os capítulos III, IV, V e VI da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial (BOE núm. 02/07/1985).
- a Base sétima que rexe neste proceso selectivo que o tribunal resolverá todas as dúbidas e/ou cuestións e/ou interpretación das normas contidas nas bases.
- O tribunal cualificador na súa constitución acordou que todas as preguntas a realizar só terían unha resposta correcta. Así se comunicou ao persoal aspirante antes do comezo desta proba sen que se formulase alegación ou oposición ningunha.

2 Anular esta pregunta do exame inicial que se terá por non formulada.

3 Ao anularse esta pregunta, que non se terá en conta para a cualificación final, ocupará o seu lugar a pregunta de reserva núm. 101 (R1).

4 Revisarase a cualificación final coa entrada desta pregunta reserva.



Pregunta núm. 35

35. Redactado o borrador dunha Ordenanza, o paso seguinte é sometelo a:

- a) Información pública.
- b) Aprobación polo Pleno.
- c) Ditame da comisión informativa competente.
- d) A publicación definitiva no *Boletín Oficial da Provincia* que corresponda.

Foron revisados os traballos preliminares e efectivamente a resposta correcta é a c. Un erro na transcripción da resposta correcta. Cómpre a súa rectificación.

De acordo con todo o indicado, o Tribunal Cualificador, por unanimidade, ACORDA:

1 Estimar a alegación formulada a esta pregunta.

Motivo: a resposta correcta: **c**

Efectivamente, redactado o borrador da norma, neste caso unha Ordenanza, someterase ao ditame da comisión informativa u órgano complementario que teña atribuída a competencia na materia de que se trate, como paso previo e preceptivo (artigo 123 do ROF) ao seu sometemento ao Pleno da Corporación.

Normativa aplicable: artigo 123.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, (BOE núm. 305 de 22/12/1986), (ROF):

1. As Comisións Informativas, integradas exclusivamente por membros da Corporación, son órganos sen atribucións resolutorias que teñen por función o estudo, informe ou consulta dos asuntos que haxan de ser sometidos á decisión do Pleno e da Comisión de Goberno cando esta actúe con competencias delegadas polo Pleno, salvo cando haxan de adoptarse acordos declarados urxentes.

2 Revisarase a cualificación final coa corrección desta resposta.

Pregunta núm. 41

41. Segundo o Regulamento municipal de Protección do Medio Natural, de Limpeza Pública e de Recollida do Lixo, (BOP núm. 170 do 26/07/2000 e a modificación no núm. 242 do 22/10/2021), botar ao chan das vías públicas e dos espazos públicos calquera clase de lixo, constitúe unha infracción administrativa ao abeiro do artigo:

- a) 5.a.
- b) 6.a.
- c) 6.b.
- d) 7.a.

Foron revisados os traballos preliminares e detectouse un erro na transcripción no ano da publicación no BOP da modificación.

Onde di: (BOP núm. 170 do 26/07/2000 e a modificación no núm. 242 do 22/10/2021).

Debería dicir: (BOP núm. 170 do 26/07/2000 e a modificación no núm. 242 do 22/10/**2001**).

De acordo con todo o indicado, o Tribunal Cualificador, por unanimidade, ACORDA:

1 Estimar a alegación formulada a esta pregunta.

Motivo: considérase que o erro de transcripción é suficiente para producir confusión ou inducir a un erro ao persoal aspirante ao non coincidir correctamente o número e a data da publicación da modificación do Regulamento no BOP. Por seguridade xurídica cómpre anulala.

2 Anular esta pregunta do exame inicial que se terá por non formulada.

3 Ao anularse esta pregunta, que non se terá en conta para a cualificación final, ocupará o seu lugar a pregunta de reserva núm. 102 (R2).

4 Revisarase a cualificación final coa entrada desta pregunta reserva.



Pregunta núm. 47

47. Os que houberen inducido, sostido ou dirixido a sedición ou aparecesen nela como os seus principais autores, serán castigados coa pena de prisión de:

- a) De cinco a dez anos.
- b) De sete a nove anos.
- c) De oito a dez anos.
- d) De oito a quince anos.

Foron revisados os traballos preliminares e a normativa vixente.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1.- O tipo de delito de sedición non esixe o uso de violencia. O tipo esixe unha conduta colectiva caracterizada como alzamento tumultuario, que o Tribunal Supremo do 10 de outubro de 1980 define como *aberto, exteriorizado, anárquico, inorgánico e desordenado ou en tropel, aunque nada impediría segundo opinión unánime, que de ser organizado e ordenado.*

Procedendo á súa disección, obsérvase:

- a) que se require un alzamento, isto é, un levantamento, sublevación ou insurrección dirixidos contra a orde xurídica establecido, contra o normal funcionamento de determinadas institucións ou contra autoridades, funcionarios, Corporacións públicas, clases do Estado, particulares ou clases de persoas;
- b) que ese alzamento, ha de ser público, aberto, exteriorizado, patente, manifesto e tumultuario;
- c) que se encamiñe á consecución dos fins indicados pola forza, isto é, de modo violento, ou fóra das vías legais;
- d) en canto ao suxeito activo, o número de persoas que ha de participar, ha de ser necesariamente plural, pois doutra sorte confundiríase a infracción co atentado, a resistencia ou a desobediencia; a sentenza do 2 de xullo de 1934, esixe que o número de partícipes non sexa inferior a 30 e a doutrina suxire a participación indispensable dun número considerable de persoas aínda que non é preciso que constitúan multitude ou xentío;
- e) no que respecta ao suxeito pasivo, desde o Poder lexislativo ás Corporacións públicas, pasando por a Autoridade, os seus axentes, os funcionarios, o Estado, a Provincia, o Municipio, os particulares, clases do Estado e clases sociais;
- f) a finalidade política ou social non sempre se esixe

2.- O delito de sedición está regulado no 544 e seguintes do noso Código Penal entre os delitos contra a orde pública:

Son reos de sedición os que, sen estar comprendidos no delito de rebelión, álcense pública e tumultuariamente para impedir, pola forza ou fóra das vías legais, a aplicación das Leis ou a calquera autoridade, corporación oficial ou funcionario público, o lexítimo exercicio das súas funcións ou o cumprimento dos seus acordos, ou das resolucións administrativas ou xudiciais.

Outros delitos contra a orde pública son: atentado contra a autoridade, desobediencia, tráfico de armas, organizacións criminais e terrorismo.

Ademais imponse unhas penas bastante fortes recollidas no artigo seguinte.

- 1. Os que houberen inducido, sostido ou dirixido a sedición ou apareceren nela como os seus principais autores, serán castigados coa pena de prisión de oito a dez anos, e coa de dez a quince anos, si fosen persoas constituídas en autoridade. En ambos os casos imporase, ademais, a inhabilitación absoluta polo mesmo tempo.
- 2. Fóra destes casos, imporase a pena de catro a oito anos de prisión, e a de inhabilitación especial para emprego ou cargo público por tempo de catro a oito anos.

Algúns autores, diferencian entre os autores de Rebelión (son autores dun delito contra a Constitución) e os de Sedición (só contra a orde pública).

De acordo con todo o indicado, o Tribunal Cualificador, por unanimidade, ACORDA:

Desestimar a alegación formulada a esta pregunta.

Motivo: non é necesario que o Código Penal sexa citado expresamente no temario da convocatoria, senón que abonda con que algún dos seus temas se refiren ao seu contido.

A sedición é un tipo de delito. Non se precisa acudir a interpretación xurídicas, se contempla por ser ostensible, manifesto e indiscutible.

Temario: o delito de sedición, como se recolle na pregunta, encaixa nos temas:

Tema 22. Delitos e delitos leves. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables; autores e cómplices. Graos de perfección do delito.

Tema 24. Delitos contra a Administración pública. Atentados contra a autoridade e os seus axentes. Desordes públicos.

Normativa aplicable: sentenza do Tribunal Supremo do 21 de xullo de 1934, do 10 de outubro de 1980, do 5 de abril de 1983, do 3 de xullo de 1991, do 11 de marzo de 1994 e 21 de abril de 2003, non tendo perdido vixencia logo das reformas operadas polo Código Penal, xa que a súa redacción é practicamente idéntica á prevista no artigo 218 do Código Penal de 1973, e incluso no artigo 245 do Código Penal de 1932. Tamén a Sentencia 459/2019, do 14 de outubro, do Tribunal Supremo: a sentenza do *Proceso*.

Pregunta núm. 62

62. Para acreditar a idade do procesado e comprobar a identidade da súa persoa. Sinale a resposta incorrecta:

- a) A súa regulación atópase no artigo 375 da Lei de Xuizamento Criminal.
- b) O avogado do procesado traerá ao sumario, certificación da súa inscrición de nacemento no rexistro civil ou da súa partida de bautismo, se non estivese inscrito no rexistro.
- c) Se non for posible proceder da forma indicada no apartado b, dos documentos mencionados supliranse por un informe referente á idade do procesado que, previo exame físico, realizarán os médicos forenses ou os nomeados polo xuíz.
- d) Todas son incorrectas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 Normativa aplicable:

- Constitución Española, artigos 17, 18, 20 e 24. Título VI.
- Lei de Xuizamento Criminal.
- Lei Orgánica do Poder Xudicial
- Lei de Demarcación e Planta Xudicial
- Lei Orgánica do Tribunal do Xurado
- O Código Penal

2 A fase de instrución do proceso penal serve para determinar a posible comisión dun feito delituoso e o seu posible autor. A nosa Lei de xuizamento criminal fai unha primeira aproximación a este tema, indicando que concretas dilixencias pode ser usadas coa finalidade última de identificar ou recoñecer ao presunto autor do feito delituoso

Non procede anular esta pregunta xa que hai unha resposta totalmente correcta..

De acordo con todo o indicado, o Tribunal Cualificador, por unanimidade, ACORDA:

Desestimar a alegación formulada a esta pregunta.

Motivo: non é necesario que a acreditación da idade dos procesados e comprobar a identidade da súa persoa sexa citado expresamente no temario da convocatoria, senón que abonda con que algún dos seus temas se refiran ao seu contido.

Temario: a pregunta encaixa nos temas: 2, 3, 6, 17, 22, 23, 24, 25, 26 e 27.

Normativa aplicable: a indicada

Pregunta núm. 63

63. As clases de erro segundo o Código Penal son:

- a) De tipo e de prohibición.
- b) Intelectual e volitivo.
- c) Directo e eventual.
- d) De feito e de dereito.

Foron revisados os traballos preliminares e efectivamente a resposta correcta: **a**.

Un erro na transcripción da resposta correcta. Cómpre a súa rectificación.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

O artigo 14 do Código Penal é o encargado de regular esta figura, distinguindo nela distintas modalidades:

«1. O erro invencible sobre un feito constitutivo da infracción penal (erro de tipo) exclúe a responsabilidade criminal. Si o erro, atendidas as circunstancias do feito e as persoais do autor, fóra vencible, a infracción será castigada, no seu caso, como imprudente.

2. O erro sobre un feito que cualifique a infracción ou sobre unha circunstancia agravante, impedirá a súa apreciación.

3. O erro invencible sobre a ilicitude do feito constitutivo da infracción penal (erro de prohibición) exclúe a responsabilidade criminal. Si o erro fose vencible, aplicarase a pena inferior nun ou dous graos».

Non procede anular esta pregunta xa que hai unha resposta totalmente correcta. Cómpre corrixir o erro na folla de respostas.



De acordo con todo o indicado, o Tribunal Cualificador, por unanimidade, ACORDA:

1 Estimar a alegación formulada a esta pregunta. Non procede anular esta pregunta.

Motivo: a resposta correcta: **a**

O indicado nas consideracións legais e técnicas.

Normativa aplicable: o artigo 14 da Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal

2 Revisarase a cualificación final coa corrección desta resposta.

Pregunta núm. 70

70. Comete delito de usurpación de atribucións, ao abeiro da sección 2 do capítulo 2 do Título 21 do Código Penal:

- a) A autoridade ou funcionario público que ditase unha disposición xeral ou suspendese a súa execución.
- b) Calquera persoa que, carecendo de atribucións para iso, ditase unha disposición xeral ou suspendese a súa execución.
- c) Calquera persoa que ditase unha disposición xeral ou suspendese a súa execución.
- d) A autoridade ou funcionario público que, carecendo de atribucións para iso, ditase unha disposición xeral ou suspendese a súa execución.

Foron revisados os traballos preliminares e detectouse un erro na transcripción no capítulo 2, debería dicir o capítulo 3.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1.- A pregunta refírese ao delito de atribucións no Código Penal.

Así onde di:

Título XXI (Delitos contra a Constitución), Sección 2 (Usurpación de atribucións), capítulo II (Delitos contra a Coroa)

Debería dicir:

Título XXI (Delitos contra a Constitución), Sección 2 (Usurpación de atribucións), capítulo III (Delitos contra as Institucións do Estado e da división de poderes)

2.- A pregunta formulada encádrase en:

Tema 22.- Delitos e delitos leves. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables e cómplices. Graos de perfección do delito.

Tema 23.- Delitos cometidos con ocasión do exercicio dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas garantidos pola Constitución. Delitos cometidos polos funcionarios públicos contra as garantías constitucionais.

De acordo con todo o indicado, o Tribunal Cualificador, por unanimidade, ACORDA:

1 Estimar a alegación formulada a esta pregunta.

Motivo: considérase que o erro de transcripción é suficiente para producir confusión ou inducir a un erro ao persoal aspirante e non está correctamente formulada.

O indicado nas consideracións legais e técnicas.

2 Anular esta pregunta do exame inicial que se terá por non formulada.

3 Ao anularse esta pregunta, que non se terá en conta para a cualificación final, ocupará o seu lugar a pregunta de reserva núm. 103 (R3).

4 Revisarase a cualificación final coa entrada desta pregunta reserva.

2 A puntuación do persoal aspirante antes da revisión/alegación/impugnación

Apelidos e nome	DNI/NIF	Núm. preguntas	Respostas acertadas	Respostas erradas ou en branco	Puntuación
RIVAS PARADA, JAVIER	***4048**	100	64	36	5,20
GARCÍA OTERO, MANUEL	***4746**	100	49	51	3,20
MARTÍNEZ GIRÁLDEZ, RAÚL MANUEL	***1809*	100	56	44	4,13
COSTAS TILVE, FAUSTINO JOSÉ	***3185**	100	56	44	4,13
PORTEIRO REY, ROI	***2819**	100	60	40	4,67
LÓPEZ SANTIAGO, CÉSAR	***9448**	100	48	52	3,07
ESTÉVEZ GARCÍA MARÍA SILVIA	***9265**	100	67	34	5,57
INSUA ARIAS, EDGAR	***0732**	100	60	40	4,67
LUSQUIÑOS GONZÁLEZ, ANA MARIA	***9824**	100	57	43	4,27

3 A puntuación do persoal aspirante despois da revisión/alegación/impugnación (a 12/08/2022)

Apelidos e nome	DNI/NIF	Núm. preguntas	Respostas acertadas	Respostas erradas ou en branco	Puntuación
RIVAS PARADA, JAVIER	***4048**	100	68	32	5,73
GARCÍA OTERO, MANUEL	***4746**	100	51	49	3,47
MARTÍNEZ GIRÁLDEZ, RAÚL MANUEL	***1809*	100	55	45	4,00
COSTAS TILVE, FAUSTINO JOSÉ	***3185**	100	59	41	4,53
PORTEIRO REY, ROI	***2819**	100	61	39	4,80
LÓPEZ SANTIAGO, CÉSAR	***9448**	100	50	50	3,33
ESTÉVEZ GARCÍA MARÍA SILVIA	***9265**	100	70	30	6,00
INSUA ARIAS, EDGAR	***0732**	100	62	38	4,93
LUSQUIÑOS GONZÁLEZ, ANA MARIA	***9824**	100	60	40	4,67

Queda excluído do proceso selectivo o persoal aspirante que non acadara os cinco puntos como mínimo, ao abeiro da base décima que rexe a convocatoria.

Recursos

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a alcaldesa alcalde do Concello de Santa Comba, no prazo dun mes contado desde o día seguinte da notificación, todo iso de conformidade co disposto nos artigos 121 e seguinte da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lugares de presentación do recurso de alzada:

- Presencial: na Praza do Concello, 1. 15841 Santa Comba, A Coruña.
- Na sede electrónica municipal (<https://sede.santacomba.es/opencms/es/>)
- Nos rexistros físicos de calquera órgano da administración xeral do Estado, de órganos das administracións das comunidades autónomas e de entidades que integran a administración local.
- No rexistro electrónico de calquera órgano administrativo que pertenza á administración xeral do Estado, ás administracións das comunidades autónomas, ás entidades que integran a administración local ou ao sector público institucional
- Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.
- Nas oficinas de asistencia
- Nas oficinas de Correos.

Santa Comba, 12 de agosto de 2022
O presidente do tribunal

Evaristo Lois Rama
(Documento que se asina electronicamente)